Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa para a subministración de gas natural ao Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico 24729
Segunda. Orzamento de licitación e existencia de crédito 24729
Terceira. Duración do contrato e revisión de prezos 24729
Cuarta. Forma e procedemento de adxudicación do contrato 24729
Quinta. Capacidade para contratar 24729
Sexta. Documentación e contido 24730
A) Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores». 24730
B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas». 24732
Sétima. Anuncio da licitación e presentación de proposicións 24732
Oitava. Garantías 24733
Novena. Mesa de Contratación 24734
Décima. Criterios para a valoración das proposicións 24734
Décimo primeira. Fases da adxudicación 24734
Décimo segunda. Baixas anormais ou desproporcionadas 24735
Décimo terceira. Formalización do contrato 24735
Décimo cuarta. Gastos e impostos 24736
Décimo quinta. Entrega e recepción das subministracións 24736
Décimo sexta. Pagamentos ao contratista 24736
Décimo sétima. Garantía das subministracións 24737
Décimo oitava. Execución do contrato 24737
Décimo novena. Confidencialidade e protección de datos 24738
Vixésima. Modificación do contrato 24739
Vixésimo primeira. Resolución do contrato 24739
Vixésimo segunda. Penalidades 24739
Vixésimo terceira. Réxime das notificacións 24740
Vixésimo cuarta. Interpretación, recursos e xurisdición 24740
Cadro de especificacións do contrato 24741
Anexo I 24744
Anexo II 24745
Anexo III 24746
Anexo IV 24747
Anexo V 24748

Primeira. *Obxecto do contrato e réxime xurídico*

1. O obxecto e as necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato descríbense no punto 1 do cadro de especificacións, no que tamén constará a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e á Clasificación de produtos por actividades (CPA-2008), segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do 23 de abril.

2. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego; no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP); no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público; e, en canto non estea derrogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e mais nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas, no que se describen as características da subministración que haberá que realizar, revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado asemade en proba da súa conformidade polo adxudicatario na formalización do contrato.

No caso de discordancia entre este prego e calquera restante documento contractual, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 4 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 4 do cadro de especificacións.

Segunda. *Orzamento de licitación e existencia de crédito*

1. O orzamento de licitación máximo é o establecido no punto 5 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o imposto sobre o valor engadido –IVE– (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan aplicables segundo as disposicións vixentes.

2. O número de unidades que se pretenden comprar está relacionado no prego de prescricións técnicas. A Administración parlamentaria poderá reducir ou ampliar o número de unidades que se vaian comprar sen que o contratista adquira dereito a ningunha indemnización.

3. A partida orzamentaria en que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato será a establecida no punto 6 do cadro de especificacións.

4. A forma de pagamento será a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

Terceira. *Duración do contrato e revisión de prezos*

1. A duración do contrato será a establecida no punto 8 do cadro de especificacións.

O punto 9 do cadro de especificacións poderá recoller a posibilidade e, en tal caso, as condicións da prórroga deste contrato.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta. *Forma e procedemento de adxudicación do contrato*

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 ao 161 do TRLCSP.

Quinta. *Capacidade para contratar*

Poderanse presentar a esta contratación e formular as conseguintes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean

comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira así como técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

2. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións exixidas.

Sexta. *Documentación e contido*

Quen licite non poderá presentar máis dunha proposición, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros de o ter feito individualmente, nin tampouco figurar en máis dunha unión temporal de empresas.

No caso de que o obxecto do contrato estea dividido en lotes, os licitadores poderán presentar proposicións para todos os lotes ou só para algún deles, pero non poderán presentar máis dunha proposición para cada lote.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, nos que indicará, en cada un deles, o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, se é o caso, o lote ou os lotes aos que presenta oferta, así como o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, quen licite deberá manifestar de forma explícita que información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de remate do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para a presentación delas, no tempo máis breve posible.

A) Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores».

Dentro deste sobre incluirase, pola orde que se detalla, a seguinte documentación:

1. Un índice dos documentos incluídos no sobre.

2. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, de a empresa ser persoa xurídica, da escritura ou do documento de constitución ou modificación, inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito for exixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, a modificación, os estatutos ou o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica de que se trate.

De se tratar de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do Estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada, prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do documento nacional de identidade (DNI) ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

3. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar o poder de representación, inscrito no rexistro mercantil, se é o caso, e con verificación de suficiencia por un letrado dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do número de identificación fiscal (NIF) de quen asine a proposición.

4. A declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluirá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

5. A solvencia económica e financeira do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 11 do cadro de especificacións.

6. A solvencia técnica e profesional do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 12 do cadro de especificacións.

7. Porén, poderase establecer no punto 13 do cadro de especificacións que a acreditación da solvencia exixida non exime a quen licite de achegar o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais abondos para a súa execución, nos termos que se establezan, o cal deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais abondos para levala a cabo adecuadamente; medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións.

Neste caso, a categoría profesional e o nivel de coñecementos técnicos exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. A falsidade nas acreditacións profesionais e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 223.f) do TRLCSP.

8. Se é o caso, o xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3 % do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 5 do cadro de especificacións, e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

9. No caso de que quen licite sexa unha unión de empresas, haberá que aterse ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento subscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituíron.

10. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

11. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 2, 3 e 4, sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, quen licite fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o dito certificado ao expediente, logo de llo solicitar telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

12. De ser o caso, e sempre que o punto 14 do cadro de especificacións o permita, a indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

13. De ser o caso, o enderezo de correo electrónico no que se poden facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo o modelo que se insire como anexo I.

14. Para os efectos do establecido na cláusula décima, para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, a acreditación da porcentaxe, en relación co total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2 %.

15. Deberanse presentar orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

16. Quen licite poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 2, 3, 4, 5, 6 e 10 pola declaración responsable, segundo o modelo que se inclúe como anexo II, na que se indicará que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar. Neste caso, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos exixidos. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a dita documentación acreditativa.

17. Inscrición no Rexistro Administrativo de Distribuidores de Combustibles Gasosos por Canalización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital; polo tanto, acreditación de estar incluída na listaxe de empresas comercializadoras de gas natural da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

18. Quen licite deberá incluír toda a documentación requirida neste sobre en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuvedé, lapis de memoria...).

B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas».

1. Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuvedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliables mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 15 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 17 do cadro de especificacións.

2. O importe da proposición non poderá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Sétima. *Anuncio da licitación e presentación de proposicións*

1. As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial de Galicia.*

2. Conforme o establecido nas Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas polo Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209, do 5 de decembro de 2013), poderán presentar alternativamente as súas proposicións a través da Plataforma electrónica de contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No Perfil de contratante do Parlamento de Galicia existe un enlace directo coa plataforma (,https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e a integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberase achegar en formato PDF ou similar non editable. O incumprimento desta exixencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue for xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou no portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto, a documentación proporcionada debe

cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica, xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, a hora e o contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constitúa a Mesa de Contratación e se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis ca unha proposición, ou ben en formato papel, ou ben en formato electrónico. A presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso, os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición de ser recibida polo Parlamento con posterioridade á data do remate do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Con todo, despois do transcurso de dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

Oitava. *Garantías*

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato poderase exixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 18 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, non sendo a do licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, a cal será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva, polo importe establecido no punto 19 do cadro de especificacións, no prazo de dez días hábiles, que se contará desde o seguinte ao da recepción do requirimento da documentación da alínea 7 da cláusula décimo primeira. No caso de tramitación urxente, este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarase consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP, en todo caso, logo de transcorrido o prazo de garantía da subministración.

3. Poderase exixir no punto 20 do cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de se constituír garantía mediante aval, deberase cubrir este segundo o modelo que se achega no anexo III.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP, e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitirlle ao Parlamento o documento orixinal da devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Novena. *Mesa de Contratación*

A Mesa de Contratación estará composta, de acordo co establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 21 do cadro de especificacións. Comunicarase oportunamente no Perfil do contratante no caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da Mesa de Contratación.

Décima. *Criterios para a valoración das proposicións*

1. Teranse en conta para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección os criterios establecidos no punto 15 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 %, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP.

Décimo primeira. *Fases da adxudicación*

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres A. De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada neste sobre A, a Mesa de Contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público da alínea seguinte.

2. Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 22 do cadro de especificacións, abriranse os sobres C das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. A Mesa de Contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos.

4. Unha vez que a Mesa de Contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación.

5. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada consonte o establecido na cláusula décimo segunda, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estea incurso en baixa anormal ou desproporcionada, poderáselle exixir unha garantía complementaria conforme o establecido no punto 19 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a dita proposición será excluída da clasificación.

6. Ao realizar a avaliación e asignar a puntuación e, se é o caso, aceptar ou descartar as posibles baixas anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación clasificará as ofertas en orde decrecente e requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, cinco días no caso de tramitación urxente, contados desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma galega.

c) Alta, se é o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto.

d) No caso de que a adxudicataria for unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, e NIF asignado á unión.

e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria, que se depositarán ou, se é o caso, se acreditará a súa constitución na Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento do Parlamento.

f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas alíneas a), b) e c) poderase substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixese constar tal circunstancia no sobre A coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substitúa no sobre A a documentación administrativa da cláusula sexta pola declaración responsable do anexo II, deberá acreditar neste momento a posesión e a validez dos documentos exixidos.

7. No caso de que o licitador non cumpra adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e neste caso procederase a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte que licitou pola orde en que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

8. Logo de recibir e comprobar a documentación requirida ao licitador e mais que reúne as condicións exixidas para o efecto, a Mesa de Contratación elevaralle á Mesa do Parlamento proposta de adxudicación do contrato ao seu favor.

9. Recibida a proposta da Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará a adxudicación do contrato. Ben que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte ao Parlamento, cando a Mesa do Parlamento non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada motivará a súa decisión.

A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no Perfil de contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP.

10. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os criterios que figuren no cadro de especificacións.

Décimo segunda. *Baixas anormais ou desproporcionadas*

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluirase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais á antedita media.

En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo terceira. *Formalización do contrato*

O correspondente contrato administrativo entenderase perfeccionado coa súa formalización no correspondente documento administrativo, no que non se poderán incluír en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non se poderá realizar máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

Engadiranse a este contrato, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación, así como a oferta do licitador que resulte adxudicatario.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, se exixa e mais a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderase adxudicar a quen licitou deseguido por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderase determinar a prohibición da subcontratación.

Décimo cuarta. *Gastos e impostos*

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderanse enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo quinta. *Entrega e recepción das subministracións*

1. As subministracións serán entregadas na Administración parlamentaria no lugar ou na dependencia que se lle indique ao adxudicatario.

2. Quen sexa adxudicatario realizará a entrega e instalación da subministración dentro do prazo establecido no punto 23 do cadro de especificacións, así como nas cantidades que lle demande a Administración segundo as súas necesidades. O seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de sancións.

3. Cada unha das entregas que realice o adxudicatario será obxecto por parte da Administración parlamentaria de inspección para comprobar que o material recibido se axusta ás condicións exixidas e ás finalidades previstas nos pregos de prescricións técnicas. Se os bens non estiveren en estado de ser recibidos, farase constancia expresa desta circunstancia e serán devoltos con indicacións precisas ao contratista para que realice unha nova subministración.

4. De cada entrega formalizarase o correspondente documento de recepción.

Décimo sexta. *Pagamentos ao contratista*

O contratista terá dereito ao aboamento, conforme os prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de se estimar precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

Procederá a emisión da factura unha vez cumprida a prestación obxecto do contrato ou a partir do día seguinte do asinamento da acta de recepción positiva por parte da Administración e o contratista.

A factura deberase presentar en formato electrónico no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF). O código DIR3 que identifica o Parlamento de Galicia no SEF é o seguinte:

					CÓDIGO DIR3		
CIF	**RECEPTOR**	**ENTIDADE**	**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**	**UNIDADE DE CONTRATACIÓN**	**OFICINA CONTABLE**	**ÓRGANO XESTOR**	**UNIDADE TRAMITADORA**
S1533001B	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	I00000344	I00000344	I00000344

Correspóndelle ao responsable do contrato a conformidade ou o rexeitamento das facturas presentadas. No caso de conformidade coa prestación, quen sexa responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario, emitirá un informe da súa discrepancia, do que se lle dará traslado ao contratista. Este terá dereito ao período de audiencia por un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación. Simultaneamente, procederase ao rexeitamento da factura a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF), con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pagamento do prezo relativo ao período controvertido non se tramitará mentres non se emenden as deficiencias e tras a presentación da nova factura.

O Parlamento procederá con carácter xeral ao aboamento da factura dentro dos trinta días seguintes á data de recepción da factura correspondente. No entanto, cando legalmente ou no contrato se dispoña un procedemento de aceptación ou comprobación mediante o cal se debe verificar a conformidade dos bens ou servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder de trinta días naturais, contados desde a data de recepción dos bens ou da prestación do servizo. Neste caso, o prazo de pagamento será de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, incluso aínda cando a factura se recibise con anterioridade á aceptación ou verificación.

No caso de que o Parlamento incorra en mora no seu pagamento nos termos indicados anteriormente, deberá aboarlle ao contratista os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que se inicie o cómputo do prazo para a devindicación dos xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) no prazo de quince días naturais desde o último día do mes natural do período facturado ou desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

Décimo sétima. *Garantía das subministracións*

1. O prazo de garantía da subministración obxecto do contrato será o establecido no punto 24 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, quen sexa contratista está obrigado á reposición da que resulte inadecuada ou á súa reparación, se é suficiente a xuízo do Parlamento, con independencia das consecuencias que puideren derivar das responsabilidades en que puidese incorrer, de acordo co establecido neste prego e no artigo 298 do TRLCSP.

2. O adxudicatario deberá responder dos produtos ofertados e dos posibles defectos atribuíbles á súa fabricación, elaboración, procesado, embalaxe ou transporte durante o dito prazo de garantía, contado desde a data de cada unha das entregas.

3. O Parlamento reserva para si o dereito de inspeccionar e ser informado do proceso de fabricación, elaboración ou procesado dos bens obxecto deste contrato, e pode ordenar ou realizar por si mesmo probas, ensaios ou calquera outro sistema de control de calidade.

Décimo oitava. *Execución do contrato*

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no punto 25 do cadro de especificacións.

2. A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica da subministración. Consonte o establecido no artigo 156 do

TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, agás nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.

3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a subministración realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas nos artigos 297 ao 300 do TRLCSP

4. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que aterse ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. Se a Administración parlamentaria acorda unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

5. A recepción da prestación obxecto do contrato realizarase conforme o disposto no artigo 222 do TRLCSP.

6. No punto 26 do cadro de especificacións poderase establecer a obriga do contratista de concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato e os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen.

7. Co motivo dun compromiso ambiental, o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do contrato e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo novena. *Confidencialidade e protección de datos*

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. A dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, polo que queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante LOPD); no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal; e no resto da lexislación aplicable.

Se como consecuencia da execución deste contrato o contratista debe acceder a datos de carácter persoal incluídos en ficheiros titularidade do Parlamento de Galicia, e para os efectos de cumprir coa obriga estipulada no artigo 12.2 da LOPD, mediante esta cláusula regúlase o réxime e a natureza do tratamento dos datos de carácter persoal pertencentes ao Parlamento de Galicia (responsable do ficheiro ou tratamento) que realizará o contratista (como encargado do tratamento) como resultado da prestación do contrato.

Quen sexa contratista está obrigado a gardar segredo e confidencialidade sobre os datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da realización das súas tarefas ou funcións; obriga que se compromete a seguir respectando unha vez finalizado o contrato e que lle impide realizar calquera actuación pola que directa ou indirectamente divulgue ou poña en coñecemento de terceiras persoas non autorizadas calquera dato persoal ao que teña acceso.

O devandito tratamento realizarase de conformidade co establecido na LOPD e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Calquera tratamento dos datos de carácter persoal á marxe dos que expresamente deriven do cumprimento deste contrato está, agás acordo en contrario por escrito das partes, expresamente excluído do seu obxecto.

O contratista recoñece as obrigas que o afectan respecto do tratamento de datos de carácter persoal por conta de terceiros, para cuxo cumprimento asume, de conformidade co establecido no artigo 12 da LOPD, os seguintes compromisos:

a) Accederá aos datos de carácter persoal cuxo responsable é o Parlamento de Galicia unicamente se tal acceso é necesario para a execución deste contrato, e non utilizará ou aplicará os citados datos para fin distinto do da dita execución.

b) Tratará os datos segundo as instrucións do Parlamento de Galicia.

c) Informará o persoal que teña acceso aos datos de carácter persoal das obrigas relativas ao seu tratamento establecidas neste documento.

d) Adoptará as medidas técnicas e organizativas pertinentes, de conformidade co estipulado nos artigos 81 e 82 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para garantir a seguridade e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Para tales efectos, implantaranse nos ficheiros de datos de carácter persoal as medidas de seguridade do nivel que correspondan en atención á natureza dos datos obxecto de tratamento.

e) Non lles comunicará en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso.

Ao finalizar a relación entrambas as partes derivada deste contrato, os datos de carácter persoal utilizados polo contratista deberán ser destruídos ou devoltos ao Parlamento de Galicia; o mesmo destino deberá darse a calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Sen prexuízo do exposto con anterioridade, o contratista estará facultado para conservar os datos de carácter persoal, debidamente bloqueados, en tanto poidan derivar responsabilidades da súa relación co Parlamento de Galicia ou cando exista unha obriga legal de conservación dos devanditos datos exixible a quen sexa contratista.

En todo caso, no non previsto nesta cláusula, será aplicable a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Vixésima. *Modificación do contrato*

1. Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, observarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP.

2. A Administración poderalle impoñer ao adxudicatario a aceptación obrigatoria de modificacións nas subministracións contratadas, de acordo co seguinte:

a) Cando a modificación consista na redución, suspensión ou substitución duns obxectos por outros, sempre que estes estean incluídos no prego de prescricións técnicas, quen sexa adxudicatario non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

b) Cando a modificación consista no aumento da subministración do número máximo de obxectos incluídos no prego de prescricións técnicas, a Administración pagaralle ao adxudicatario os anteditos obxectos aos prezos unitarios fixados no contrato.

3. De se producir un incremento das prestacións reais respecto das estimadas inicialmente, débese tramitar un expediente de modificación do contrato, nos termos previstos no artigo 106 do TRLCSP, antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, e iso en cumprimento do disposto na disposición adicional trixésimo cuarta do TRLCSP.

Vixésimo primeira. *Resolución do contrato*

Son causas de resolución do contrato, nos termos establecidos no 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, as seguintes:

a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.

b) A grave deficiencia na prestación da subministración obxecto do contrato por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo segunda. *Penalidades*

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no de prescricións técnicas en canto á subministración ou á súa defectuosa prestación, a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.

b) A imposición das penalidades por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213 e 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no punto 27 do cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse, e o contratista deberá repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de dez días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo terceira. *Réxime das notificacións*

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designen ao presentar as proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeite a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o dito trámite.

Vixésimo cuarta. *Interpretación, recursos e xurisdición*

As decisións da Mesa de Contratación poderán ser obxecto de recurso perante a Mesa do Parlamento.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e de resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cadro de especificacións do contrato			
1	Obxecto do contrato	Subministración de gas natural	
	Necesidade que cómpre satisfacer	A subministración de gas natural é indispensable para o funcionamento do sistema de calefacción do Parlamento e para poder desenvolver con normalidade a súa actividade.	
	Código nomenclatura CPV	09123000 - Gas natural.	
	Código clasificación estatística CPA-2008	35.23.10 - Servizos de comercio de gas por tubaxe.	
2	Número de expediente	SRI-PA-4/2017.	
3	Tramitación	Ordinaria.	
4	Admisión de variantes	Non se admiten.	
5	Orzamento máximo de licitación	Orzamento anual:	50.000,00 €
		IVE (21 %):	10.500,00 €
		Total anual:	60.500,00 €
	Total do valor estimado do contrato (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído).		100.000,00 €
	Debido ás características desta subministración, o orzamento sinalado ten carácter estimativo, calculado con base en prezos unitarios e en función dos consumos realizados en exercicios anteriores, xa que o seu importe real depende do consumo que se produza. Non obstante este orzamento máximo de licitación, e debido a este carácter estimativo, o Parlamento de Galicia pagará a subministración real e efectivamente realizada. Prezo do contrato: o prezo do contrato virá determinado polos seguintes factores: a.- **Termo fixo por tarifa aplicada (€/mes)**: o establecido regulamentariamente polo órgano regulador na orden ministerial vixente. b.- **Termo enerxía consumida ou variable (€/kWh):** determinado mediante a aplicación da seguinte fórmula: **Prezo termo enerxía ou variable (€/kWh) = (A + B x Brent) x TC + C**, onde son coeficientes constantes: A, B, C, que deberán definir os licitadores nas súas respectivas ofertas e que serán fixos durante a vixencia do contrato, salvo variacións impostas por cambios regulamentarios. Son coeficientes variables para a determinación do prezo da enerxía: o Brent e tipo de cambio. Para efectos de presentar a oferta para o cálculo do termo de enerxía, asígnase para a variable Brent o valor de mercado do barril Brent Europe segundo disposto por Europe Brent Spot Price FOB, correspondente ao día 6 de marzo de 2017**,** cun valor de **54,73** $/barril. (https://www.eia.gov/dnav/pet/hist/LeafHandler.ashx?n=PET&s=RBRTE&f=D) O valor TC correspóndese coa resultante da paridade dólar/euro, e para o que se asigna o valor de **1,0556**, correspondente ao valor proporcionado polo Banco de España o 8 de marzo de 2017. Os importes de termo fixo, termo enerxía presentaranse con seis decimais. Os importes dos coeficientes constantes (A, B, C), con seis decimais. **Variacións por cambios regulatorios:** Tanto o termo fixo coma os coeficientes constantes A, B e C da fórmula do termo enerxía só poderán ser actualizados durante a vixencia do contrato no suposto de cambios regulatorios que		

	afecten os canons e as peaxes ou outras actividades reguladas que afecten a actividade gasística. O adxudicatario comunicaralle ao Parlamento estes cambios, xunto coa súa repercusión, nos importes de termo fixo e termo variable. **c.-Alugueiro de equipos de medida:** O prezo do equipo de medida, contador metrolóxico, será o que corresponda regulamentariamente polo órgano regulador na orde ministerial vixente.	
6	Partida orzamentaria	01.01.111B. 221.02.
	Distribución orzamentaria por exercicio	2017 (xuño-decembro): 35.291,69 €. 2018: 60.500,00 €, condicionado á existencia de crédito no exercicio. 2019: 25.208,31 €, condicionado á existencia de crédito no exercicio.
7	Forma de pagamento	O prezo aboarase en cotas mensuais, de acordo coa factura expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente. O pagamento efectuarase por mensualidades vencidas. As facturas expedidas polo adxudicatario serán presentadas no Punto xeral de entrada de Facturas electrónicas da Xunta de Galicia (os códigos DIR figuran na cláusula 16ª destes pregos).
8	Duración do contrato	Un ano desde o día seguinte á data da concesión do contrato de acceso ás redes por parte da distribuidora ao adxudicatario.
9	Prórrogas do contrato	Polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo doutro ano máis.
10	Revisión de prezos	O prezo desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no cálculo del foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o seu prazo de execución.
11	Solvencia económica e financeira	Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos (2014, 2015 e 2016), deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato (ou sexa, 75.000,00 €). O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, de o empresario estar inscrito no devandito rexistro, e, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
12	Solvencia técnica e profesional	Consideraranse solventes as empresas licitadoras que acrediten a execución, durante os cinco últimos anos, de subministracións do mesmo tipo ou natureza, e o requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato (ou sexa, 35.000,00 €). As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou, á falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario. Só se terán en conta para efectos de acreditar a solvencia as subministracións relacionadas co obxecto da presente contratación que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaracións do empresario a que se fai referencia nesta alínea.
13	Obrigas contractuais esenciais	Non se establecen.
14	Subcontratación	Permítese. No caso de manifestar o licitador no sobre A a intención de subcontratar parte do contrato, deberá incluír no sobre B o anexo V.

15	Criterios de adxudicación	Único criterio de adxudicación: prezo do termo enerxía ou variable; o prezo máis baixo. O prezo do licitador obterase da fórmula: (A+B x 54,73) x 1,0556 + C, segundo a súa oferta dos coeficientes A, B e C.
16	Contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé deuvedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración do criterio de adxudicación establecido no punto 15 do cadro de especificacións. En todo caso, o modelo de proposición que se insire como anexo IV.
17	Contido do sobre C	Non hai sobre C.
18	Garantía provisional	Non se exixe.
19	Garantía definitiva	Por importe do 5 % do prezo de licitación, excluído o IVE.
20	Garantías complementarias	Non se exixen.
21	Mesa de Contratación	• Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. • Vogais: - a secretaria da Mesa do Parlamento. - a vicesecretaria da Mesa do Parlamento. - o letrado oficial maior (en caso de ausencia, poderao suplir un letrado ou letrada do Parlamento). - a titular da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento (en caso de ausencia, poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). • Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia, poderao suplir un funcionario ou funcionaria desta unidade administrativa).
22	Apertura de proposicións	— Sobre B: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.
23	Prazo para a entrega da subministración	A partir do día seguinte á formalización do contrato.
24	Prazo de garantía da subministración	Durante a execución do contrato.
25	Responsable do contrato	Servizo de Persoal e Réxime Interior.
26	Seguro de responsabilidade civil	Non se exixe.
27	Penalidades	Establécense as seguintes penalidades: - por subministración defectuosa con interrupción do mesmo, determínase para esta circunstancia unha penalidade de 0,25 € por cada 1.000,00 euros do valor estimado do contrato, por cada hora que a subministración estea interrompida.
28	Acceso ao Perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.gal

Anexo I

(sobre A)

D./Dª ……., con domicilio en ……, rúa ……., núm. ……, DNI núm. ……., expedido en ……., actuando (en nome propio ou en representación de …….) e tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de ....., para os efectos do establecido na cláusula vixésimo terceira do prego de cláusulas administrativas para o caso de efectuar notificacións, expresamente autorizo o Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico: .....

Lugar
Data
Sinatura do/a licitador/a

Anexo II

(Sobre A)
Modelo de declaración responsable

D./Dª ……., con domicilio en ……, rúa ……., núm. ……, DNI núm. ……, expedido en ……, actuando (en nome propio ou en representación de ……) e tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación do contrato de ....., para os efectos do establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas que rexe este contratación,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

— Que tanto a entidade coma quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e, se é o caso, representación verificada, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidas para participaren neste procedemento de contratación.

— Que achegará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.

— Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en ningún suposto aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

— Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo III

Modelo de aval
(para o caso de se constituír garantía mediante aval)

A entidade .....(razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), co NIF nº ....., con domicilio (para efectos de notificación e requirimentos) na ..... (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome D./Dª .....(nome e apelidos das persoas apoderadas) con poderes suficientes para obrigalo neste acto,

AVALA a .....(nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF nº ....., en virtude do disposto no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, para responder das seguintes obrigas ..... (detallar o obxecto do contrato ou da(s) obriga(s) asumidas polo garantido), perante o Parlamento de Galicia, por importe de ..... (en letra e cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

Este aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e na lexislación complementaria.

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

VERIFICACIÓN DE SUFICIENCIA DE PODERES

Anexo IV

Modelo de proposición
(Sobre B)

D./Dª ……., con domicilio en ……, rúa ……., núm. ……, DNI núm. ……., expedido en ……, actuando (en nome propio ou en representación de ……) e tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de ....., comprométese a realizar a subministración con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polos seguintes importes:

a.- Termo fixo[(1)]:

	Ofertado pola empresa (expresado en €/mes)
Termo fixo	*en números:*

b.- Termo enerxía ou variable[(1)]:

	Ofertado pola empresa
Coeficientes constantes	
coeficiente **A**	*en números:*
coeficiente **B**	*en números:*
coeficiente **C**	*en números:*
Coeficientes variables (Valores determinados no apartado 4 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas)	
Brent	54,73
TC	1,0556
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (**A** + **B** x 54,73) x 1,0556 + **C**	*en números:*

c.- Alugueiro equipo de medida[(1)]:

Prezo alugueiro equipo de medida	*en números:*

[(1)]Prezos sen impostos

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo V

(Sobre B)

D./Dª ……., con domicilio en ……, rúa ……., núm. ……, DNI núm. ……, expedido en ……, actuando (en nome propio ou en representación de ……) e tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de ....., declara, ao abeiro do artigo 227 do TRLCSP, que ten intención de subcontratar a seguinte parte do contrato:

Descrición da parte do contrato que se subcontrata:	
Importe	
Nome ou perfil empresarial do subcontratista:	

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a